



APEGO NA PRIMAVERA

Actividades para unha grande aventura con futuro
Pontevedra, primavera 2019

apuntate.pontevedra.gal

Mario pensaba que o galego non servía para nada. El sabía inglés, francés, chinés...

Obradoiro de 3 a 6 anos con Polo Correo do Vento*

Sesión de contacontos participativo, onde toda a familia acompañará a Mario na súa aventura de descuberta do mundo máis próximo.

Martes 16 de abril, de 17.30 a 18.30 h, na Casa Azul, rúa Sor Lucía

PERCORRE A CIDADE E atopá a lingua!

Ruta urbana familiar de 0 a 6 anos con Roberto Rivas*

Vide descubrir a lingua que atesoura Pontevedra en familia, con explicacións e xogos polas rúas e prazas.

Martes 23 de abril, de 18 a 19.30 h desde a praza da Peregrina

Para cantar e bailar

Obradoiro de 4 anos en diante con Luís Prego e Samuel Soto*

Para aprender cantigas, danzas sinxelas e xogos cantados e bailados; para experimentar os primeiros pasos do baile tradicional e practicar diversas melodías e ritmos. Luís Prego é profesor de canto e baile tradicional e autor dos libros *Para cantar e bailar* e *Xogos musicais*.

Xoves 25 de abril, de 17.30 a 18.15 h na Casa Azul, rúa Sor Lucía

Crianza respectuosa

Obradoiro para adultos con Ana Couto

Servizo de ludoteca e bebeteca baixo demanda

A través do enfoque da crianza respectuosa falaremos sobre como poñer os límites con paciencia e firmeza e aprenderemos ferramentas para educar sen premios nin castigos. Ana Couto é pedagoga especialista en adestramento educativo e de familia e intelixencia emocional. Este obradoiro ten un servizo de ludoteca e bebeteca baixo demanda. Solicítao nas observacións da túa inscrición, indicando a idade e nome do/s neno/s ou da/s nena/s.

Martes 7 de maio, de 17 h a 18.30 h na casa Azul, rúa Sor Lucía

FOLIADA con APEGO

Obradoiro de 0 a 6 anos con Pablo Díaz e Olga Kirk*

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar, bailar e ir aprendendo de xeito natural unha chea de cantos de noso. Se tocares algún instrumento tradicional, non esquezades levalo, e tamén a merenda para compartir! Poden vir máis familiares.

Sábado 11 de maio, de 17.30 a 19 h nos xardíns do Dr. Marescot

*Para familias acompañadas por nenas e nenos das idades indicadas en cada actividade. As prazas por familia son para 1 ou 2 adultos por menor, excepto na foliada, á que poden ir máis familiares. Máximo 25 familias.

Máis información

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
normalizacionlinguistica@pontevedra.eu / 986 863 157

Inscricións en apuntate.pontevedra.gal

 /apego.gal - www.apego.gal

